

PONTE CALDELAS

ANUNCIO NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA, E NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO

Por Resolución de Alcaldía con data 12 de novembro de 2009, procedeuse a rectificación das bases da convocatoria para prover en propiedade dúas (2), categoría de Policía Local, a cal convócase mediante oposición libre.

Así mesmo, achégase copia da Resolución de rectificación de erros, así coma os Anexos I e II das Bases de Selección, que conteñen o Temario así coma o modelo de instancia, respectivamente, para que se proceda a súa publicación :

“A vista do artigo 105 apartado 2 da Lei 30/92, reguladora do réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, que establece que; “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”, teño a ben en

RESOLVER:

Primeiro.—Que nas bases da convocatoria para cubrir dúas prazas de persoal funcionario de policía local, grupo C1 do Concello de Ponte Caldelas se efectúen as seguintes correccións :

Onde dicía: “A.5. Proba de coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo á proba ou probas que consideren máis adecuada/s.

Esta proba será eliminatoria e cualificarase de cero a tres puntos, sendo preciso acadar unha puntuación de un con cinco puntos como mínimo para superala.

Rematadas as probas, o tribunal outorgará a cada aspirante a puntuación final obtida, que será a resultante de sumar a cualificación da proba de coñecementos coa cualificación obtida na proba de lingua galega. Esta puntuación será determinante para confeccionar a lista de aprobados/as e a lista de reserva prevista.”

Deberá dicir: “A.5. Proba de coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo á proba ou probas que consideren máis adecuada/s.

Consistirá na tradución directa e/ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 1 hora. Os textos serán elixidos polo

Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para superar a proba.

O presente exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Aqueles aspirantes que estivesen en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA IV ou equivalente estarán exentos da realización do presente exame.”

Onde dicía: “8.1. Cualificación definitiva, orden de colocación e proposta do tribunal cualificador.

Rematadas as probas, o tribunal outorgará a cada aspirante a puntuación final obtida, que será a resultante de sumar a cualificación da proba de coñecementos coa cualificación obtida na proba de lingua galega. Esta puntuación será determinante para confeccionar a lista de aprobados/as e a lista de reserva prevista.”

Deberá dicir: “8.1. Cualificación definitiva, orden de colocación e proposta do tribunal cualificador.

Rematadas as probas, o tribunal outorgará a cada aspirante a puntuación final obtida, que será a resultante da cualificación da proba de coñecementos do Anexo I do programa. Esta puntuación será determinante para confeccionar a lista de aprobados/as e a lista de reserva prevista.”

Por último onde dicía: “3.—Solicitudes

As instancias dirixíranse ao Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Ponte Caldelas, e presentaríanse no Rexistro Xeral, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, .no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

A instancia conterà, polo menos, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta e achegando unha copia compulsada do DNI, así como a documentación acreditativa de cumprir cos requisitos xerais esixidos, conforme o establecido na Base 2.1.”

Deberá dicir o seguinte: “3.—Solicitudes

As instancias dirixíranse ao Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Ponte Caldelas, e presentaríanse no Rexistro Xeral, sen prexuízo do establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, .no prazo dos 20 días naturais a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

A instancia conterà, polo menos, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta e achegando unha copia compulsada do DNI, así como a documentación acreditativa de cumprir cos requisitos xerais esixidos, conforme o establecido na Base 2.1.; amais da fotocopia compulsada do título acredita-

tivo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA IV, no caso de solicitar a exención da realización da Proba de Coñecemento da Lingua Galega

Segundo.—Que se proceda a rectificación das Bases coas correccións antes ditas así coma a inclusión dos referidos Anexos I e II e que se proceda a publicación de esta Resolución de rectificación de erros no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Terceiro.—Aprobar as bases reguladoras das probas selectivas para a provisión en propiedade das prazas vacantes arriba referenciadas, con as correccións antes ditas...”

ANEXO I - PROGRAMA

1. O Estado. Concepto. Elementos. A división de poderes. Funcións. Organización do Estado español. Antecedentes constitucionais en España. A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. A reforma da Constitución española. O Estado español como Estado social e democrático de dereito. Dereitos e deberes constitucionais; clasificación e diferenciación.

2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas I: Dereito á vida e integridade. Liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto. Dereito á liberdade e seguraza. Dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe. A inviolabilidade do domicilio e o segredo das comunicacións. A liberdade de residencia e de circulación. O dereito á liberdade de expresión recoñecido no artigo 20 da Constitución.

3. Dereitos fundamentais e liberdades públicas II: Dereito de reunión. Dereito de asociación. Dereito á participación nos asuntos públicos e ao acceso a funcións e cargos públicos. A tutela xudicial efectiva e a prohibición de indefensión. A imposición de condena ou sanción do artigo 25 da Constitución, sentido das penas e medidas de seguraza. Prohibición de tribunais de honra. O dereito á educación e a liberdade de ensino. Dereito á sindicación e á folga, especial referencia aos membros das forzas e corpos de seguraza. Dereito de petición.

4. Dereitos e deberes dos cidadáns. Os principios reitores da política social e económica. As garantías dos dereitos e liberdades. Suspensión xeral e individual destes. O Defensor do Pobo.

5. A Coroa. As Cortes Xerais. Estrutura e competencias. Procedemento de elaboración das leis. Formas de Goberno. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. Funcións do Goberno.

6. O Poder Xudicial. Principios constitucionais. Estrutura e organización do sistema xudicial español. O Tribunal Constitucional.

7. Organización territorial de Estado. As comunidades autónomas. O Estatuto de autonomía de Galicia. Estrutura e disposicións xerais. Institu-

cións: Parlamento. Presidente e Consello de Goberno. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Valedor do Pobo.

8. Relación da Xunta de Galicia coa Administración do Estado e con outras comunidades autónomas. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. A reforma do Estatuto de autonomía de Galicia.

9. O dereito administrativo. Fontes e xerarquía das normas.

10. O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. A validez dos actos administrativos; nulidade e anulabilidade. Notificación de actos administrativos. Cómputo de prazos. Recursos administrativos. Alzada e reposición; o recurso extraordinario de revisión.

11. O procedemento administrativo. Concepto e principios xerais. Clases. Os interesados. A estrutura do procedemento administrativo.

12. O réxime local español. Principios constitucionais e regulación xurídica. Tipos de entidades locais.

13. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A provincia: concepto, elementos e competencias. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.

14. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.

15. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.

16. Función pública local. A súa organización. Adquisición e perda da condición de funcionario.

Dereitos, deberes e incompatibilidades dos funcionarios. Situacións administrativas.

17. Lei orgánica de forzas e corpos de seguraza. Funcións da policía local.

18. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplina-rias.

19. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.

20. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infracións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

21. A Lei de emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

22. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

23. Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

24. Delitos contra a Administración pública. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.

25. Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

26. Delitos contra a seguranza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

27. O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.

28. Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais en que pode incurrir o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de habeas corpus.

29. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estructura e conceptos xerais.

30. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.

31. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

32. Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

33. Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local. Alcoholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregñación alcohólica.

34. Estructura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

35. Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.

36. Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e compañeiros. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

37. Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

38. Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

39. A policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

40. Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.»

ANEXO II (MODELO DE INSTANCIA) Ó SR. ALCALDE PRESIDENTE

D. _____, con DNI n.º _____,
e domicilio a efectos de notificación en

EXPÓN

Primeiro.—Que vista a convocatoria anunciada no Boletín Oficial del Estado n.º _____, de data _____, en relación coa convocatoria para a provisión en propiedade mediante o sistema de oposición de dúas prazas de policía local, conforme ás bases que se publican no Boletín Oficial de la Provincia número _____, de data _____.

Segundo.—Que cree reunir todas e cada unha das condicións esixidas nas bases referidas á data de expiración do prazo de presentación da instancia.

Terceiro.—Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria para a provisión en propiedade de dúas prazas de policía local, mediante o sistema de oposición.

Cuarto.—Que achega o escrito en forma de declaración xurada de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas. Así coma o resto da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos.

Por todo elo,

SOLICITA

Que se admita esta solicitude para as probas de selección de persoal referenciada.

En _____, a ____ de _____ de 20____.

O solicitante,

Asdo.: _____

Contra as presentes bases, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde de este Concello, de conformidade cos artigos 116 e 117 de Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou re-

curso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime pertinente

En Ponte Caldelas, a 17 de novembro de 2009.—
O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muñíos. **2009013222**

* * *

MONDARIZ

El Pleno del Ayuntamiento de Mondariz, en sesión ordinaria de 12 de diciembre de 2009, acordó aprobar inicialmente la modificación de la Ordenanza Reguladora del Servicio de Taxis del Concello de Mondariz, en cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 49 y 70.2 de la Ley Reguladora de Bases de Régimen Local, y artículo 56 del Texto Refundido de las Disposiciones Legales Vigentes en Materia de Régimen Local, se somete el expediente a información pública por plazo de treinta días, a contar desde el siguiente a la inserción de este anuncio en el Boletín Oficial de la provincia, para que pueda ser examinado y se presenten las reclamaciones que estimen oportunas.

Si transcurrido dicho plazo no se hubiesen presentado alegaciones, se considerará aprobado definitivamente dicho acuerdo.

Mondariz, 28 de diciembre de 2009.—El Alcalde,
Julio Alén Montes. **2010000180**

* * *

REDONDELA

A N U N C I O

En cumprimento do disposto no artigo 138 da Lei de contratos do sector público, faise pública a adxudicación do contrato de Rexeneración da canle natural do río Pexegueiro, incluída no Proxecto Marisma promovido polo Concello de Redondela e aprobado no marco da primeira convocatoria do Eixo 5 de Desenvolvemento Local e Urbano e cofinanciado polo programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional de la Unión Europea, do que a seguir se reflicten os seus particulares:

1) ENTIDADE ADXUDICADORA:

- a) Organismo: Concello de Redondela (Pontevedra).
- b) Dependencia: Departamento de Contratación.

2) OBXECTO DO CONTRATO:

- a) Descrición: Execución das obras comprendidas no proxecto de Rexeneración da canle natural do río Pexegueiro, Redondela.
- b) Lotes: Non
- c) Lugar de execución: Redondela (Pontevedra).
- d) Prazo de execución: 3 meses.

3) TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

- a) Tipo de contrato: Administrativo.
- b) Tramitación: ordinaria.
- c) Procedemento: negociado sen publicidade.

4) ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

Importe total: 112.068,67 €, IVE excluído.

5) ADXUDICACIÓN:

- a) Data: 17 de agosto do 2009
- b) Contratista: CODISOIL, S.A.
- c) Nacionalidade: española.
- d) Importe da adxudicación: 111.568,67 €, IVE excluído.

Redondela, 29 de decembro de 2009.—O concelleiro de Medio Ambiente (Delegación da Alcaldía publicada no BOP núm. 146 do 30.07.2007), Xosé Carlos Pazos Docampo. **2010000124**

* * *

RODEIRO

E D I C T O

Solicitando nesta Alcaldía por D. Natalio García Carral, na representación de Conejos Gallegos Cogal S. Coop. Ltda. licenza municipal para a construción de “Explotación cunícula”, a situar en Barregallos-Carboentes, cumprindo o disposto polo párrafo a), do número 2, do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Noxentas, Insalubres e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, co fin de que durante o mesmo —que comenza a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia— poidan examinalo expediente, na Se-